

CCR/Ra



Data Rexistro: 11/11/2024 18:25:53
Nº Rexistro: 2024000559

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 25 de outubro de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Dona Ana Laura Iglesias González:

21.8294.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Pasamos agora ao turno de rogos e preguntas, que non sei se hai algún ou algunha pregunta para formular. Ten a palabra a voceira dona Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Si Presidente, unha pregunta, queríamos saber cal é o motivo polo cal na gravación do Pleno no que se debateu a moción que presentou o Partido Socialista de acollemento a inmigrantes por parte da Deputación de Pontevedra se eliminara a votación dese punto, no que o Partido Popular votou en contra deste acollemento, e non figura así na gravación que está subida e que se pode consultar, entón queríamos saber cal era o motivo. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Ben, pois non habendo máis rogos e preguntas, damos por pechado este Pleno e quero agradecer publicamente aos grupos do Bloque e do PSOE que accederan gustosamente ao cambio de hora. Moitas grazas e bo día.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial Socialista, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 25 de outubro de 2024:

PREGUNTA:

Queríamos saber cal é o motivo polo cal na gravación do Pleno no que se debateu a moción que presentou o Partido Socialista de acollemento a inmigrantes por parte da Deputación de Pontevedra se eliminara a votación dese punto, no que o Partido Popular votou en contra deste acollemento, e non figura así na gravación que está subida e que se pode consultar, entón queríamos saber cal era o motivo. Gracias.

RESPOSTA:

A dita moción debateuse no pleno da Corporación provincial celebrado o día 26 de xullo de 2024. A vídeo-acta está completa e dispoñible na páxina web da Deputación de Pontevedra. En ningún momento se eliminou ningunha parte do debate ou da votación, que pode consultar no seguinte enderezo:

<https://plenos.depo.gal:443/s/sosUyEmuoazEeyJolAPalc7NOloJNvgOnW7wtnlrnDgBdd5>

Asinado dixitalmente.

